



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- » Promover o valor e o respecto polas diferenzas.
- » Ofrecer unha conceptualización adecuada dos diferentes termos que utilizamos cando falamos de igualdade de xénero.
- » Acabar cos erros provocados por unha mala conceptualización.
- » Reflexionar acerca dos efectos do machismo na nosa sociedade.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- » Preparación da dinámica: Imprimimos e recortamos tantas copias da folia 2 deste documento como grupos vaiamos formar na aula.
- » Facemos entrega a cada grupo dun dos quebracabezas e un folio. A súa tarefa consistirá en colocar cada palabra coa súa definición e co seu exemplo.
- » Corriximos o quebracabezas, cada grupo vai dicindo unha palabra, a definición que cre correcta e o seu exemplo. Os demais grupos mostran o seu acordo ou desacordo. Teñen que chegar a un consenso e modificar os quebracabezas cando así o decida o gran grupo.
- » O seguinte grupo fai o mesmo coa seguinte palabra e así sucesivamente. É importante que sexan eles/as mesmas quen descubran os seus erros. Cando finalizan, o titor/a observa o resultado nunha das mesas e di se está ben ou se hai algún erro, nese caso pode dar a pista de se é un erro no concepto, no exemplo, cantos erros de concepto e de exemplo teñen...

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- » Que vos pareceu a dinámica? Creedes que foi útil?
- » Foi vos fácil conceptualizar e poñer exemplos ás diferentes palabras? Que palabras vos custou máis diferenciar?
- » Pensades que o machismo é un pensamento que fai dano ás mulleres ou tamén aos homes?
- » En que fai dano ás mulleres ter ese pensamento?
- » En que fai dano aos homes?
- » O feminismo, é só cousa de mulleres ou os homes tamén poden ser feministas?
- » Todos sabíades que é o feminismo ou algún/a de vós cría que era outra cousa?

Grazas!!

Quebracabezas da Igualdade



SEXO	IDENTIDADE DE XÉNERO	ESTEREOTIPO DE XÉNERO	MACHISMO
FEMINISMO	EXPRESIÓN DE XÉNERO	IGUALDADE	ROLES DE XÉNERO
Características biolóxicas e sexuais coas que nacemos. Está determinado xenéticamente. Coincide en todo lugar, tempo e cultura.		Percepción subxectiva que unha persoa ten respecto ó seu propio xénero, á marxe da súa orientación sexual ou ás súas características sexuais biolóxicas.	
Actitude de prepotencia dos homes respecto das mulleres.		Movemento social que loita pola igualdade entre homes e mulleres.	
Aquilo que a sociedade espera dunha persoa polo feito de ser home ou muller. Son como etiquetas que nos poñen ao nacer.		Manifestación externa dos rasgos culturais que permiten identificar a unha persoa como masculina ou feminina conforme ós patróns que a sociedade marca nun determinado momento.	
Dereito constitucional polo que todas as persoas teñen o mesmo dereito a que se respecten as súas diferenzas		Papeis e funcións que a sociedade asigna aos homes e mulleres en función do seu xénero. Varían segundo a época e a cultura.	
As mulleres que nacen con vulva son capaces de xestar e dar a luz. Os homes que nacen sen vulva non poden.		Síntome home.	
As mulleres son sensibles e os homes son valentes.		Prefiro que me mande un home que unha muller.	
Mentres ti bañas ao neno, eu recollo a cociña.		As mulleres poden levar saias, os homes non.	
Homes e mulleres teñen o mesmo dereito para chorar cando o precisan.		As mulleres encárganse de limpar a casa e os homes dos arranxos.	

Solucións ó quebracabezas da Igualdade



CONCEPTO	DEFINICIÓN	EXEMPLO
SEXO	Características biolóxicas e sexuais coas que nacemos. Está determinado xenéticamente. Coincide en todo lugar, tempo e cultura.	As mulleres que nacen con vulva son capaces de xestar e dar a luz. Os homes que nacen sen vulva non poden.
IDENTIDADE DE XÉNERO	Percepción subxectiva que unha persoa ten respecto ó seu propio xénero, á marxe da súa orientación sexual ou ás súas características sexuais biolóxicas.	Síntome home.
ESTEREOTIPO DE XÉNERO	Aquilo que a sociedade espera dunha persoa polo feito de ser home ou muller. Son como etiquetas que nos poñen ao nacer.	As mulleres son sensibles e os homes son valentes.
MACHISMO	Actitude de prepotencia dos homes respecto das mulleres.	Prefiro que me mande un home que unha muller
FEMINISMO	Movemento social que loita pola igualdade entre homes e mulleres.	Mentres ti bañas ao neno, eu recollo a cociña.
EXPRESIÓN DE XÉNERO	Manifestación externa dos rasgos culturais que permiten identificar a unha persoa como masculina ou feminina conforme ós patróns que a sociedade marca nun determinado momento.	As mulleres poden levar saias, os homes non.
IGUALDADE	Dereito constitucional polo que todas as persoas teñen o mesmo dereito a que se respecten as súas diferenzas	Homes e mulleres teñen o mesmo dereito para chorar cando o precisan.
ROLES DE XÉNERO	Papeis e funcións que a sociedade asigna aos homes e mulleres en función do seu xénero. Varían segundo a época e a cultura.	As mulleres encárganse de limpar a casa e os homes dos arranxos.